



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: acf

Expediente 2023/G010/000013

CONVOCATORIA CONCELLO PLENO EXTRAORDINARIO

O día 25/08/2023 tivo entrada no Rexistro Municipal (R.E. núm. 202399900003284) un escrito asinado polas catro persoas integrantes do Grupo político municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), no que solicitan a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal, para coñecer do asunto que indican, que integraría, como punto único a Orde do día da sesión.

A solicitude reúne os requisitos establecidos no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Por iso, en aplicación dos artigos 46, apartados 1 e 2, e 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como o artigo 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dispoño que se convoque ao **CONCELLO PLENO á SESIÓN EXTRAORDINARIA**, que se celebrará nesta casa do Concello o **XOVES** día **14/09/2023** ás **NOVE HORAS**, en primeira convocatoria e, no seu defecto, dous días despois, en segunda convocatoria, para tratar do asunto incluído na seguinte

ORDE DO DÍA

Punto Único.- Resolución do 1º de agosto de 2023 (BOE do 19 de agosto) de **autorización de peche** da Central Térmica de Endesa e **convocatoria de Concurso de Transición Xusta. Acordos**

O que lle traslado, para o seu coñecemento e asistencia á sesión que convoca, agardando que concorra vostede ao acto. Se, por causa xustificada, no puidese facelo deberá comunicalo a esta Alcaldía coa antelación necesaria, prevíndolle que a partir desta data terá á súa disposición cantos antecedentes se relacionan co asunto incluído na orde do día da convocatoria, para o obxecto de que poidan coñecelos antes de deliberar.

As Pontes de García Rodríguez, 08 de setembro de 2023

O alcalde

Valentín González Formoso

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DO CONCELLO DAS PONTES
SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

CVD: